

Documento resumo da Asemblea de Cidade

Data: Xoves 28 de xullo de 2016 de 19:30 a 21:30h

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil O Ensanche.

Diagnose das principais necesidades e prioridades de actuación

A continuación recóllense as ideas e propostas realizadas polas persoas participantes na asemblea. Partindo destas achegas podes concretar as túas propostas ao proceso. Para facilitar a comprensión das mesmas, recollemos a tipoloxía das propostas de investimentos ou actividades, no caso da mocidade, que podes realizar dentro do proceso dos orzamentos participativos:

(1) É una proposta de investimento, xa que supón a creación de novas infraestruturas (por exemplo, sendas peonís, carrís bici, urbanizacións viarias, sinalización, mobiliario urbano, iluminación, parques, xardíns, fontes, baños públicos, rede de sumidoiros, etc.)

(2) Proposta de investimento, neste caso de reposición de infraestruturas (reforma de iluminación, remodelación de parques, reposición de fontes, de mobiliario urbano ou de equipamentos deportivos).

(3) Proposta de investimento dirixida á construción ou reforma de edificios de uso público.

(4) Proposta de investimento para a adquisición ou reposición de elementos de transporte: vehículos para bombeiros, policía, axentes de mobilidade, etc.

(5) Proposta de investimento de adquisición de software e hardware: aplicacións, plataformas dixitais, equipos informáticos, etc.

(6) Non son investimentos nin entran a formar parte dos OP. As obras de mantemento, conservación, reparación e semellantes responden a un criterio técnico de oportunidade e prioridade, e sufráganse con outras partidas orzamentarias distintas ás de investimento, de gasto corrente.

(7) Programas e actividades para a mocidade.









(8) Propostas que non forman parte do debate de investimentos dos OP.

Expoñemos as ideas e propostas xurdidas na asemblea e a relación que gardan a respecto de dita tipoloxía.

Tráfico, mobilidade e seguridade

Tráfico e seguridade:

No que respecta a esta área identifícase como problemática a presenza excesiva de vehículos motorizados no centro da cidade. Como propostas formuláronse as seguintes cuestións:

-  A necesidade de limitar a velocidade máxima en certos tramos.
-  Sinalización de 30 km/h. **(1)**
-  Habilitar turboglorietas (por exemplo, nas Cancelas ou en Rosalía de Castro). **(1)**
-  Semáforos intelixentes para vehículos de emerxencia. **(1)**
-  Sinalización e identificación de vías e lugares no rural. **(1)**
-  Mellora da iluminación dos pasos de peóns. **(2)**
-  Servizo de transporte adaptado tipo O65. **(4)**
-  Mellora do mantemento de beirarrúas. **(6)**

Bicicletas:

Neste caso vese a necesidade de buscar alternativas eficaces ao uso do transporte privado e ordenar medidas facilitadoras que animen ao uso de bicicletas:

- 📍 Deseño de parque de bicis de alugueiro municipal. (1)

Transporte público:

Por outra banda, trasladouse que a determinados lugares do Concello non chega o transporte urbano ou a frecuencia e horarios é moi deficiente:

- 📍 Proposta de posta en funcionamento de minibuses híbridos. (4)
- 📍 Mellora da accesibilidade nos buses urbanos para persoas xordas e cegas (avisos visuais e sonoros). (4)

Aparcamento:

- 📍 Demoler o aparcadoiro de Pontepedriña. (1)
- 📍 Converter en zona verde a zona azul. (2)



Desenvolvemento económico e turismo

Produtos locais e economía social:

Na asemblea veuse a necesidade de promover produtos de calidade e sostibles e impulsar as entidades de economía social. Tamén dinamizando o rural de Santiago.

- 📍 Mercadiños deslocalizados de segunda man ou de alimentación de produtos locais. (1)
- 📍 Impulso das cooperativas de emprego para a mocidade. (7)



Promoción turística e cultural:

Como idea central, falouse da necesidade de incentivar o conxunto do patrimonio cultural do Concello, e non centrarse exclusivamente na Catedral.


- 📍 Promover unha tarxeta desconto a turistas que volvan a Santiago fóra dos períodos estivais coa finalidade de desestacionalizar o turismo. (8)
- 📍 Adecuación dos lugares e espazos rurais en posibles rutas de sendeirismo, turismo ecolóxico, etc. (2)
- 📍 Promoción, nos museos da cidade, dos recursos ou servizos para persoas xordas, por exemplo Código QR. (5)
- 📍 Condicións laborais no sector da hostalería:
- 📍 Vixilancia das condicións laborais no sector da hostalería e comercio e promoción dun selo de calidade para os establecementos que respectan e cumpren coa lexislación. (8)

Urbanismo, vivenda e mobiliario urbano

Servizos públicos

-  Dotación de baños públicos. Poderíase aproveitar a rede de quioscos de prensa que hai pola cidade. **(1)**.
-  Dotación de bancos para o descanso e repouso. **(1)**

Recursos para as entidades:



-  Habilitación dun local para as entidades sen ánimo de lucro, con horarios flexibles. **(3)**

Vivenda social:

Identificouse a falta de prazas de vivenda social. A planificación feita no seu día polas administracións foi modificada e agora non se sabe que previsións hai. (Neste apartado non se concretou ningunha proposta).



Medio ambiente

Promoción do uso das bicis:



-  Promoción de sendas para bicis e pasarelas polos ríos Sar e o Sarela. **(1)**
-  Carrís bicis pola cidade. **(1)**

Consumo enerxético:






A necesidade de resolver a excesiva contaminación lumínica levou a formular as seguintes propostas:

-  Promover unha iluminación pública responsable. **(1)**
-  Iniciativas de produción de enerxía solar para abastecemento local. **(3)**

Hortas e compostaxe.

-  Ampliación da rede de hortas urbanas cidadás. **(1)**
-  Dotación de puntos públicos de compostaxe nos parques do Concello. **(1)**

Limpeza e recuperación de zonas verdes:

-  Limpeza xeral das vías. **(6)**
-  Eliminación dos vertedoiros ilegais. **(6)**
-  Revisión do contrato entre a USC e o Concello para sanear o Campus Vida. **(8)**
-  Campañas de voluntariado de limpeza dos espazos verdes (creación dunha dinámica habitual). **(8)**
-  Conservar e manter os sendeiros verdes promovendo un voluntariado de guías medioambientais como prácticas de servizos á comunidade. **(8)**





Socioculturais, deportes, veciñais e mocidade

Mocidade:




Falta de actividade de ocio dirixido á mocidade fóra do ámbito nocturno. (Neste apartado non se concretou ningunha proposta).

Recursos e accesibilidade:

-  Dotación de equipamentos (xeradores, equipos de son, pantallas escenarios...) para o desenvolvemento de actividades organizadas por asociacións veciñais e/ou nos barrios. **(1)**
-  Revisión e mellora da accesibilidade dos locais socioculturais. **(3)**

Deporte:

Como propostas dirixidas ao fomento do deporte feminino e ao respaldo do deporte de base:





-  Cancha de herba para a práctica de deportes minoritarios. **(2)**
-  Adecuación do campo de fútbol de Bando. **(2)**
-  Acondicionamento de zonas deportivas: por exemplo a herba do campo de fútbol da USC. (Mellora en colaboración coa propia Universidade). **(8)**




Igualdade e Benestar

Recursos para o benestar e a inclusión:


A falta de recursos para dar resposta ás persoas en exclusión social materialízase nas seguintes propostas:

-  Atención domiciliaria (servizos básicos) a persoas dependentes.
-  Dotación dun vehículo adaptado para o transporte. **(4)**
-  Servizo de intérpretes para persoas xordas e servizo de mensaxería escrita para emerxencias. **(8)**
-  Programas de atención ás persoas maiores. **(8)**

Familias:

-  Dotación de escolas infantís municipais. **(1)**

Mulleres




-  Falta de actividades inclusivas e viables no ámbito da igualdade. (Neste apartado non se concretou ningunha proposta)

Consumo responsable:




-  Obradoiros formativos para a compra saudable. **(8)**

Obras, parques e xardíns

Parques e xardíns:

-  Mellora de parques facéndoos accesibles a colectivos con necesidades especiais. Dotación de espazos de xogos e baños públicos accesibles. **(1)**
-  Dotación de fontes adaptadas aos cans para facilitar o seu acceso e uso. **(1)**
-  Consumo responsable e aforro enerxético: Desconectar a rede de distribución de auga urbana nalgún parque, ou zona verde, e aproveitar as canles naturais de auga para o regadío. **(2)**.

Obras e Integración de espazos:

-  Construción dunha ponte nova nas Brañas do Sar, xa que a vella está afundida. **(1)**
-  Mellora da integración do Sar e Sarela coa cidade. **(2)**
-  Falta de sendas ou zonas peonís no rural. **(1)**